

CONDICIÓNS PARA PRESENTAR ARTIGOS EN FERVENZAS, REVISTA GALEGA DE TRABALLO SOCIAL

Fervenzas é unha revista galega de Traballo Social que acepta, para a súa difusión, traballos orixinais e inéditos de interese para a disciplina e para esta profesión en Galicia. *Fervenzas* editase en galego. Poderase valorar a reprodución de traballos non inéditos se o medio de difusión, onde foron divulgados, fose de difícil acceso para os e as traballadores e traballadoras sociais de Galicia, ou ben noutro idioma diferente ao galego.

Os traballos serán publicados atendendo ó seu interese e ó seu valor científico e/ou profesional. Terán prioridade aqueles artigos que respondan a outros xa aparecidos en números anteriores da revista, ou aqueles que sexan continuación dalgunha temática de interese. Nestes casos, terase que mencionar tal cuestión ao inicio do artigo.

A responsabilidade polo expresado nos artigos corresponde na súa totalidade aos autores e/ou ás autoras, non se fará cargo delas a revista *Fervenzas*.

Os autores e/ou as autoras posúen plenos dereitos de autor sobre os seus traballos, porén, se desexan presentar noutro medio un artigo, xa aparecido en *Fervenzas*, terán que solicitar permiso á revista por escrito e facer mención expresa do lugar orixinal de publicación do artigo.

Fervenzas acusará recibo dos traballos achegados e comunicará a súa aceptación -ou non- para a súa publicación nun tempo prudencial. De ser o caso, tamén emitirá un certificado de publicación do artigo. Por este motivo, non se devolverán os traballos recibidos, recoméndaselle aos autores e/ou ás autoras que conserven unha copia deles.

Seccións da revista

As seccións nas que se encadran os textos publicados son:

1.- **Artigos**: investigacións, experiencias profesionais, análises teóricas, metodolóxicas e técnicas, etc.

2.- **En Rede**: presentación descritiva dun equipamento, servizo, entidade publica ou privada, asociación, programa, proxeto etc.

3.- **Entrevista**: entrevista a persoas de especial interese para o Traballo Social.

4.- **Recensións de Publicacións**: comprende comentarios e opinións críticas de libros, revistas, coleccións editoriais... En definitiva, de calquera fonte documental de interese para o Traballo Social

5.- **Espazo Aberto**: inclúe comentarios de documentais, filmes, páxinas web, noticias de especial interese para o Traballo Social, etc.

6.- **Ficha de Investigación Social**: inclúe fichas-resumo de teses. Os apartados que debe ter son: Título, autor/a, natureza do traballo (tese), ano de referencia, accesibilidade ao documento (biblioteca no que se pode atopar a tese), palabras clave, síntese do contido, método e principais conclusións.

7.- **Outros**: eventualmente, divulgaranse cuestionarios, crónicas de eventos científicos de especial importancia, etc.

Normas de presentación de artigos

Os artigos teñen que ser presentados en galego, por escrito, en papel DIN-A4 (escritos por unha soa cara e con numeración correlativa) e en soporte informático (memoria USB ou CD) na sede do Colexio, ou a través do correo electrónico fervenzas@traballosocial.gal, en **formato Word, tipo de letra Arial, tamaño 12 e interliñado 1,5**.

- Con carácter xeral, deberá terse en conta o **uso dunha linguaxe inclusiva** na redacción dos traballos, con especial fincapé na linguaxe non sexista.
- **Nunha primeira páxina aparte recollerase:**
 - O título do artigo;
 - os nomes dos autores e/ou das autoras; a súa profesión; a institución, lugar de traballo ou campo en que desenvolve o seu labor.
 - Se se desexa poderase remitir un resumo dunhas 10-15 liñas sobre a súa produción científica máis importante (publicacións, proxectos de investigacións, informes, etc.) ou sobre proxectos de intervención social, experiencias innovadoras, etc. onde teña participado.
 - Tamén se indicará un número de teléfono e un enderezo postal e/ou electrónico de contacto **que o autor ou autora autoriza** que poida ser divulgado por *Fervenzas* para que as persoas lectoras **contacten con el ou ela**.
 - Poderanse incluír ao pé da primeira páxina os datos do autor ou autora, **sempre que este ou esta o autorice expresamente ao COTSG**.

ARTIGO A PUBLICAR:

- **Os artigos:** terán que vir encabizados polo título do artigo. Debaixo ten que figurar a autoría, coa indicación, dos nomes e apelidos completos, a profesión ou desempeño laboral e no seu caso entidade de traballo.
- É **obligatorio** incorporar o resumo, en galego, en castelán e en inglés (*Abstract*). A extensión do resumo será dunhas 10-15 liñas, e no seu caso, ten que indicarse se o artigo deriva dun traballo fin de grao, dun traballo fin de master, dunha tese, proxecto, etc.
- A continuación de cada resumo, é obrigatorio indicar cinco palabras chave en cada un destes idiomas, galego, castelán e inglés (*Keywords*). A Mesa de Redacción de *Fervenzas* ofrecerá asesoramento a aquelas persoas que o necesiten para a tradución dos resumos.

- O desenvolvemento do artigo terá como **mínimo 10 páxinas e como máximo 30**, incluíndo gráficos, táboas, referencias, etc.
- Respectarase as cursivas e negriñas que aparecen no texto orixinal **pero a edición non leva subliñados**.
- As **notas a pé de páxina** terán letra tipo Arial, tamaño 10 e interliñado simple.
- As **táboas e figuras** terán que intercalarse no artigo e terán obrigatoriamente que presentar: numeración, título e fonte de procedencia dos datos (ao pé destes). Recoméndase presentar unha análise dos datos aparecidos nas táboas e figuras.
- As **referencias** bibliográficas do artigo presentaranse ao final do texto, por orde alfabética.

A modo orientativo a estrutura dos artigos, será a seguinte:

ESTRUTURA DOS ARTIGOS

- **Título** en galego, castelán e inglés.
- **Autoría**, profesión, e no seu caso, entidade de traballo
- **Resumo e palabras clave** en galego, castelán e inglés.
- **Introducción**.
- Se se trata dunha **investigación**: método, **metodoloxía**, estratexia metodolóxica, etc., ou a denominación que se considere máis oportuna.
- **Apartados nos que se desenvolve o contido do artigo**.
- Se se trata dunha investigación: presentación dos **resultados**, e a continuación, **discusión e conclusións**.

NORMAS DE PRESENTACIÓN DAS CITAS E DAS REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Para a presentación das citas e a elaboración das súas referencias **séguese fundamentalmente o indicado no Manual da APA, na versión traducida no ano 2021, que é a 4ª edición traducida da 7ª en inglés do *Manual de Publicaciones de la American Psychological Association*, editado polo El Manual Moderno.**

A continuación expónse unha síntese respecto ás pautas para citar e elaborar as referencias. No suposto, de non atopar resposta neste resumo, remítese ao Manual da APA (2021), do que exista versión impresa na Biblioteca do COTSG para a súa consulta.

AS NORMAS PARA CITAR SON AS SEGUINTE:

Empregarase o sistema **autor/a-data** no texto.

O sistema autor/a-data consiste en incorporar o **primeiro apelido do autor ou da autora** (se é moi común tamén o segundo) e o **ano de publicación** da obra no texto.

As formas máis habituais de presentación son:

- a) **Citación parentética:** tanto a autoría como o ano van entre paréntese, separados por unha coma. Exemplo: (Piñeiro, 2011)

- b) **Citación narrativa:** a autoría está no texto e o ano entre paréntese inmediatamente a continuación da autoría. Exemplo: Piñeiro (2011)

- c) En ocasións a autoría e o ano van no texto, e sen paréntese. Exemplo: ... xa no ano 2000, Piñeiro...

CITA CURTA E CITA LONGA

A) **Cita literal corta** (máximo 40 palabras): incorpórase no texto entre comiñas.

B) **Cita literal longa** (máis de 40 palabras): destácanse no texto sen o uso de comiñas.

Ponse nun bloque nunha liña nova e con sangría toda a cita.

CITA NON LITERAIS E CITAS LITERAIS

A) **Citas non literais:** non se indica o número de páxina. Só a autoría da obra e o ano.

B) **Citas literais:** ten que indicarse o **número da páxina** onde se localiza o texto citado. O

número ou números de páxina/s poden incorporarse, entre paréntese, ao final da cita textual, ou a continuación do ano, separado por coma e sempre antecedido de p. ou pp.

Se se cita material de internet, que non ten indicadas as páxinas, emprégase o número de parágrafo, contando os parágrafos manualmente se non están numerados (ex. parág. 35).

C) Citas literais dun texto xurídico. Neste caso en vez de indicar o número da páxina, pódese indicar o nº do artigo ou disposición final.

AUTORÍA DE VARIAS PERSOAS

a) Cando son **2 autores/as**ponse o 1º apelido das persoas unidos pola conxunción “e”, seguidos de coma e ano (e número de páxina se a cita é literal).

Exemplos: (Callosa e Rojas, 2019) ou (Callosa e Rojas, 2019, p. 25)

b) Se son **3 ou máis autores/as**ponse o apelido da primeira persoa seguido de **et al**, seguido de **coma e o ano**.

Exemplos: (Rojales et al., 2020) ou Rojas et al., (2020)

Para identificar facilmente a obra, no suposto de que a primeira persoa da autoría, publicase, no mesmo ano, varias obras con dúas ou máis persoas, poñeranse tantos apelidos dos/as autores/as como sexan necesarios para distinguir as referencias das diferentes obras, e abrévianse o resto dos/as autores/as coa fórmula et al.

AUTOR/A CITADO POR OUTRO/A AUTOR/A

Segue as pautas anteriores engadindo ao inicio o 1º apelido do/a autor/a citado inicialmente, seguido das expresións: **citado en** ou **como se citou en**.

(Segura, citado en Rojas, 2019) ou segundo Segura (como se citou en Rojas, 2019)

A obra que figura no apartado de **Referencias que se presenta ao final do traballo**, é a de Rojas de 2019.

PRESENTACIÓN DE TÁBOAS E FIGURAS

Os elementos básicos son:

- **O número:** aparece arriba, resaltado en letra negra (en letra grosa) con números arábigos correlativamente dentro do texto como un todo, precedido da palabra Táboa ou Figura Ex.: táboa 1, Táboa 2, Figura 1, Figura 2, etc.
- **O título:** colócase a dobre espazo, en cursiva, debaixo do nº da táboa ou da figura.
- **O corpo da táboa:** inclúe filas e columnas. Pode estar a 1 espazo, a espazo e medio ou a dobre espazo. A información pode estar en forma de números, palabras ou mestura de ambos. A imaxe da figura pode ser gráfica, diagrama, debuxo, mapa, fotografía, etc. A lenda ten que situarse nos límites da figura, e aclarar os símbolos empregados.
- **As notas:** colócanse debaixo da táboa ou da figura. Poden ser xerais, específicas e de probabilidade.
- **A fonte:** se procede incluír a fonte sería unha información que se inclúe nunha **nota de tipo xeral**, ao pé da táboa ou figura.

Recoméndase ver exemplos de táboas, figuras e dos tipos de notas no *Manual de publicacións da la APA* (2021).

A FONTE NAS TÁBOAS E FIGURAS

1. **Táboa ou figura elaborada pola persoa/s autora/s:** Nesta caso non se indica a fonte.
2. **Táboas ou figuras reproducidas literalmente:** se se reproduce unha táboa dunha fonte secundaria, indícase esta fonte nunha nota debaixo da táboa ou figura coa referencia completa correspondente (é debe incluírse tamén no listado final de referencias), engadindo ademais o nº de páxina onde se localiza precedido de p.
3. **Táboas ou figuras adaptadas ou modificadas da fonte orixinal:** incorpórase a expresión **Adaptado de** ou **Elaborado a partir de**, antes da referencia completa.
4. **Táboas ou figuras elaboradas de diferentes fontes da mesma autoría:** na nota pode indicarse: **Elaborado a partir de** circulares do centro; memorias de actividades ou internas do servizo; etc., seguido das referencias temporais. Por exemplo: dos anos 2000 e 2004 ou 2001-2006 (se son consecutivos).

Na páxina seguinte móstrase un exemplo de táboa e un de figura.


Táboa 4

Valoración da calidade da atención recibida en función do turno

	Turno de mañá			Turno de tarde			TOTAL	
	n	%V	%H	n	%V	%H	N	%
Moi alta	8	53,3	40,0	12	57,1	60,0	20	55,6
Alta	2	13,3	25,0	6	28,6	75,0	8	22,2
Media	1	6,7	50,0	1	4,8	50,0	2	5,5
Baixa	2	13,3	50,0	2	9,3	50,0	4	11,1
Moi baixa	2	13,3	100,0	-	-	-	2	5,5
TOTAL	15	100,0	41,7	21	100,0	58,3	36	100,0

Figura 1

Individuos consumidores dos diferentes medios de comunicación



Nota: Adaptada de Golovina, N. (2010). La comunicación masiva y el comportamiento del consumidor. *Revista Científica Electrónica de Ciencias Humanas*, 28, 190 – 198. <https://www.redalyc.org/pdf/709/70930408011.pdf>

A listaxe que se inclúe ao final do documento cos datos de todas as citas que se realizaron ao longo do texto denominarase REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS. Así, chámase BIBLIOGRAFÍA á listaxe doutras fontes que non estean citadas no corpo do traballo.

PAUTAS PARA A ELABORACIÓN DAS REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Como regra xeral emprégase sempre a letra minúscula e a sangría francesa (sangrado a partir da segunda liña)¹. As abreviaturas habitualmente empregadas son: editor/a (Ed.), compilador/a (Comp.), coordinador/a (Coord.) ou director/a (Dir.).

¹ En “Parágrafo/Sangría/Especial: sangría francesa”

LIBRO

Estructura da referencia dun libro:

Primeiro apelido, inicial do nome. (ano de publicación). *Título do libro*. Editorial.

1) Autoría

Primeiro apelido do/a autor/a separado por unha coma da **inicial do nome**. Se o 1º apelido é moi común pódese engadir o segundo (pauta que rexe en calquera tipo de referencia).

Se a autoría é de varias persoas sepáranse por **comas** e o último autor/a únese coa conxunción **e**.

- a) No caso de que a autoría é dun máximo de **20** persoas, deben indicarse todas.
- b) Se a autoría é de **21 ou máis** persoas, consígnanse as 19 primeiras seguido de puntos suspensivos e engadindo o/a último/a autor/a.

OBRA COLECTIVA

Se se trata dunha obra colectiva a cargo dun/ha coordinador/a, director/a, compilador/a, indicárase entre paréntese abreviado despois dos nomes.

OBRA SEN AUTORÍA

Se no libro non figuran os apelidos e nome do/a autor/a, colócase o título na posición do/a autor/a. Os libros neste caso ordénanse alfabeticamente pola primeira palabra significativa do título.

AUTORÍA CORRESPONDENTE A UNHA ENTIDADE

Cando a autoría non se corresponde cunha ou varias persoas, e o libro ou documento é editado por unha institución/organismo indicárase o nome desta como autoría, seguido de punto.

Os libros ou outro documento, neste caso ordénanse alfabeticamente pola primeira palabra significativa do nome da institución.

AUTORIA DUNHA INSTITUCIÓN INTERNACIONAL

Se a autoría corresponde a unha institución internacional que emprega varios idiomas, pode referenciarse en diferentes idiomas (con obras distintas).

2) Ano da edición entre paréntese seguido de punto.

Se a data non se atopa dispoñible, entre paréntese e seguido de punto, indícase (s.d.)

OBRAS DA MESMA AUTORÍA E DIFERENTE ANO

Se se fai referencia a varias obras coa mesma autoría, ordénanse por orde cronolóxica, da máis antiga á máis recente.

OBRAS DA MESMA AUTORÍA E MESMO ANO

No caso de obras da mesma autoría e ano, empregaranse como sufixos letras minúsculas (a,b,c, sucesivamente) para diferencialas despois do ano; ambos datos van entre paréntese. Os sufixos asígnanse na lista de referencias, onde estas ordenaríanse alfabeticamente pola primeira letra do título, (ignorando o artigo).

OBRAS CO/A PRIMEIRO/A AUTOR/A COMÚN E DIFERENTE ANO

As obras de un só/a autor/a preceden as de autoría múltiple, sen importar as datas de publicación. As obras co mesmo/a primeiro/a autor/a, e segundos, ou seguintes autores/as diferentes, ordénanse por orde alfabética do 2º autor/a, e se fose o caso, dos seguintes.

3) Título e subtítulo en cursiva seguido de punto. No caso de ter subtítulo sepáranse por dous puntos.

4) Editorial seguido de punto. Se hai varias editoriais, sepáranse por punto e coma.

SE O EDITA O/A PROPIO/A AUTOR/A

Se é o/a autor/a o que edita, non se consigna nada no lugar da editorial.

Exemplo de referencia de autor/a como editor/a:

Consejo General del Trabajo Social. (2012). *Código Deontológico del Trabajo Social*.

LIBROS EN FORMATO ELECTRÓNICO

- 1) No caso dun libro electrónico sen doi poñerase a dirección URL de onde se recuperou.
- 2) Cando se trate dun libro en formato electrónico que teña **doi** asignado poñerase a continuación do título a editorial e a continuación o doi.

No suposto que teña DOI, só se poñerá este. No *Manual de publicacións* da APA do 2021, indícase que se inclúa o DOI para todas as obras que o teñan, independentemente de que se empregase a versión en liña ou impresa.

CAPÍTULO DUN LIBRO

- 1) **Primeiro apelido e inicial do nome** da/s persoa/s autora/s do capítulo (nos mesmos termos que para os libros), seguido do ano de edición entre paréntese, seguido de punto.
- 2) **Título** do capítulo seguido de punto.
- 3) **Uso do enlace: En**
- 4) **Inicial do nome e primeiro apelido** do que está ao coidado do libro en minúsculas, seguido da indicación entre paréntese do que proceda (Coord., Dir., Comp., Ed., ...) e coma.
- 5) **Título do libro** en cursiva.
- 6) **Páxinas** nas que se localiza o capítulo precedidas pola abreviatura pp., entre paréntese e seguido de punto.
- 7) Se procede **o número do volume** entre paréntese.

ARTIGO DE REVISTA

- 1) **Primeiro apelido e inicial do nome** da/s persoa/s autora/s seguido do **ano** da publicación seguido de punto (con posibilidade de indicar o mes antes do ano).
- 2) **Título** do artigo seguido de punto (sen cursiva, nin comiñas).
- 3) **Nome completo da revista** en cursiva seguido de coma.
- 4) **Número de volume** en cursiva. Se fose o caso indícase a continuación do volume, o número de exemplar da revista, entre paréntese sen espazo, seguido de coma e sen cursiva .
- 5) **Páxinas** inicial-final do artigo. Só os números separados por un guión (é dicir, sen p. ou pp. a diferenza do capítulo de libro)

ARTIGOS DE REVISTA ELECTRÓNICA

- a) Con doi: a continuación das páxinas, <http://dx.doi.orgxxxx/xxxxxxxxxxx>.
- b) Sen doi: a continuación das páxinas: ponse a propia URL do artigo

MATERIAL DE CONGRESOS, XORNADAS, SEMINARIOS E FALADOIROS

- 1) **Autoría**, seguido de punto.
- 2) **Ano, día inicio-día finalización e mes** de celebración entre paréntese e punto.
- 3) **Título do material que se presenta en cursiva** e a continuación o tipo de contribución (comunicación, presentación de cartel...) ao congreso entre corchetes y sen cursiva seguido de punto.
- 4) **Nome do congreso**, ou o que proceda, sen cursiva e seguida da localización (cidade, país, etc.) separados por coma.
- 5) **DOI ou URL se procede**

TESES PUBLICADAS

- 1) **Autoría** seguido de punto
- 2) **Data** entre paréntese seguido de punto.
- 3) **Título** en cursiva e a continuación entre corchetes [tese de doutoramento máis o nome da institución que outorga o título separado por coma]
- 4) **Nome do arquivo ou da base de datos**
- 5) **DOI ou URL**

DOCUMENTOS SEN PUBLICAR (OBRAS INÉDITAS)

As obras que non foron publicadas, e das que existen só algúns exemplares, accesibles en bibliotecas, institucións, etc., hai que referencialas indicando este dato. Exemplos destas obras son traballos de fin de grao, memorias de practicum, apuntamentos dunha materia, etc.

- 1) **Autoría**
- 2) **Ano** de elaboración entre paréntese seguido de punto.
- 3) **Título** en cursiva.

- 4) **A indicación de que é unha obra inédita** faise engadíndolle esta característica ao documento (Ex., Tese de doutoramento inédita, Traballo fin de mestrado inédito,...), entre corchetes seguido de punto.
- 5) **Entidade** (nome do departamento e nome da Universidade separado por coma).
- 6) **URL** se procede

MATERIAL RECOLLIDO DE PÁXINA WEB

DOCUMENTO DESCARGADO DE PÁXINA WEB DO QUE TEMOS OS DATOS NECESARIOS PARA ELABORAR A REFERENCIA A INCLUIR NO LISTADO QUE SE PRESENTA AO FINAL DO TRABALLO.

- 1) **Autoría**, seguido de punto.
- 2) **Ano** da publicación seguido de punto.
- 3) **Título** do documento en cursiva seguido de punto.
- 4) **Fonte do sitio web**, excepto que o/a autor/a da obra sexa o mesmo que o nome do sitio web
- 5) **URL**

HAI QUE INCLUIR A DATA DE RECUPERACIÓN SEMPRE QUE O CONTIDO DA PÁXINA ESTÉ DESEÑADA PARA CAMBIAR A TRAVÉS DO TEMPO (Por exemplo a web dunha Consellería)

CONXUNTO DE DATOS

- 1) **Autoría**, seguido de punto.
- 2) **Ano** da publicación seguido de punto (Se non consta o ano de referencia do conxunto de datos,ponse o actual).
- 3) **Título** do documento en cursiva e a continuación indícase entre corchetes: **conxunto de datos**, seguido de punto.
- 4) **Nome da editorial ou da fonte dos datos inéditos si se coñecen.**
- 5) **DOI ou URL**

TEXTOS NORMATIVOS RECOLLIDOS EN DIARIOS OU BOLETÍNS OFICIAIS EN FORMATO ELECTRÓNICO

1) **Título literal do texto normativo** (Lei Orgánica, Lei, Real Decreto, Decreto, Orde, etc.) sen cursiva, seguido de punto e ano da publicación entre paréntese.

2) **Fonte de publicación do texto normativo en cursiva** (*Boletín Oficial do Estado, Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial da Provincia, etc.*) seguido de **número, o día e mes de publicación**, seguido de punto. Poderanse indicar facendo uso das súas siglas: BOE, DOG, BOP, etc.

3) **Páxina inicial e páxina final**

4) **URL**

A presentación de traballos para o resto das seccións da revista:

Axustarase a tipografía e normas solicitadas para os artigos coas seguintes indicacións específicas: *En Rede* terá como máximo 10 páxinas por achega; *Espazo aberto* e *Comentario de Publicacións* terá como máximo 3 páxinas de extensión. Ningún destes apartados necesita resumo, palabras clave ou bibliografía.

Datos de contacto para o envío dos traballos

Envío dos traballos a: fervenzas@traballosocial.gal

Correo postal: Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG)

Rúa Dublín 6, Baixo, porta 3. 15707 Santiago de Compostela

Para calquera consulta: Tel.: 981 56 81 00 | Fax. 981 94 18 98

REFERENCIAS

American Psychological Association. (2021). *Manual de Publicaciones de la American Psychological Association*. El Manual Moderno.